

# A LEDICIA DE LER

“O ‘cómico’ en galego”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 9 de febreiro de 1975



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

*La Voz de Galicia*

**A LEDICIA DE LER** é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* de 1975 a 1980, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

## O “cómico” en galego

---

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 9 DE FEBREIRO DE 1975

A editorial Brais Pinto, que resucitou dun longo silencio xa o ano pasado coa publicación de dous pequenos libros de narracións, sorpréndenos agora cun par de “cómic” en galego, debidos á pluma de Xaquín Marín e Reimundo Patiño<sup>1</sup>. Trátase de dúas historias gráficas (“O longo camiño de volta dende as estrelas” e “A saga de Torna No Tempo”) concibidas e realizadas segundo as modernas técnicas do xénero, aínda que co propósito deliberado de non renunciar á tradición artística galega, polo menos no que á parte pictórica se refire. Respecto da parte literaria, os guións levan dentro de si dúas auténticas noveliñas de ficción científica, escritas cunha clara intención moral, e das que non están ausentes algunhas das características da nosa literatura popular, como o humor e a ironía, por exemplo.

Á marxe dos valores estéticos destes “cómic”, penso que un dos seus atractivos maiores é precisamente o da súa propia aparición. Resulta curioso, sorprendente e interesante, que unha cultura como a galega, edificada arredor dunha lingua reducida esencialmente aos usos orais durante séculos, e sustentada por unha sociedade rural campesiña, se vexa ante a necesidade expresiva de recorrer a unha das máis modernas linguaxes producidas no cerne mesmo da sociedade industrial máis avanzada, aínda que isto se faga sen renunciar a algúns feitos sociais que son característicos da Galicia de hoxe.

Froito do propósito dos autores de non prescindir, por un lado, do pasado artístico galego, e por outro, de non caer no mimetismo de solucións típicas doutras sociedades, como a americana, tan distantes da nosa, son as linguaxes plástica e literaria elexidas, que serán discutidas, non só pola especie de manifesto que se inclúe nas notas das páxinas finais, senón tamén porque o tema da arte de masas é en si polémico.

Persoalmente coido que na oposición arte culta-arte popular hai unha serie de feitos que deben ser sinalados. Efectivamente, polo que á parte literaria se refire, “A saga de Torna No Tempo”, de Patiño, é moi pouco “culto”, no sentido de que foxe de toda convención, renunciando, por exemplo, á alusión (problema clave na definición da obra literaria) en beneficio da indicación directa e sen rodeos. Neste sentido non é arte culta. Pero, ¿é arte popular? Porque a arte popular non por ser masivamente comprensible deixa de utilizar recursos comúns coa arte culta. A diferenza entre unha e outra non é precisamente de calidade. O que ocorre é que unha gran parte do chamado arte de masas leva tan lonxe o seu desexo de comunicabilidade inmediata que, ás veces, penetra no mundo dunhas formas lingüísticas, como as do periodismo ou do ensaio, que xa non son “arte”.

Sen que sexa exactamente o problema do caso que nos ocupa, coido non obstante que o guión literario do segundo deles –tamén do primeiro, pero non dunha maneira tan acusada- peca por falta de contención expresiva. Hai na súa construción demasiada evidencia. E a claridade da mensaxe non depende tanto deste factor canto da organización dos seus elementos nunha estrutura gobernada por unhas determinadas leis que lle confiren o seu valor estético. Podería dicirse que entre unha obra non artística e unha obra de arte -sexa popular ou culta- hai a mesma relación

que entre a demagogia e a política. As primeiras son eficaces dun xeito inmediato, pero soamente as segundas teñen a eficacia real que opera os cambios substanciais. Trasladando ao noso campo un sabio principio da revolución cubana, diríamos que a verdade é sempre revolucionaria.

Á marxe de todo isto, penso non obstante que *2 Viaxes* é unha achega importante á cultura galega dos nosos días. En diante, ninguén lle poderá negar a Xaquín Marín e a Reimundo Patiño o mérito de ter aberto, no noso chan, un camiño que non ha tardar en aparecer máis transitado.

\* \* \*

---

<sup>1</sup> Xaquín Marín e Reimundo Patiño, *2 Viaxes*, Brais Pinto, Madrid, 1975.